



Exposición 'Eu son UVigo!' no campus de Pontevedra
© DUVI UVigo

Pontevedra

A Universidade de Vigo presume de alumnado

Por Redacción
ás 17:30 do Mércores 24 de Novembro, 2021

A biblioteca central do campus de Pontevedra da Universidade de Vigo acolle ata finais de xaneiro os 17 cubos que integran a **mostra 'Eu son UVigo!', na que se presentan os perfís dunha serie de persoas que acadaron recoñecemento** profesional e que son tituladas da institución académica ou desenvolven actualmente a súa actividade na Universidade.

Investigadores como **Pablo Romero** ou o catedrático **Jesús Simal** e titulados como a escritora **Leticia Costas**, o actor **David Amor**, a deseñadora **Sheila Pazos** ou a ilustradora e ceramista **Abi Castillo** forman parte dos protagonistas desta mostra, que se exhibe por primeira vez no campus.



Exposición 'Eu son UVigo!' no campus de Pontevedra
© DUVI UVigo

A mostra percorreu nos últimos meses institutos e centros sociais e culturais de toda Galicia co obxectivo de **proxectar a imaxe da institución académica como centro de prestixio** que preparar para a vida real en todos os ámbitos do coñecemento.

Ademais, ata finais deste mes de novembro poderá verse na planta baixa da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do campus a **mostra 'En galego!'**, que busca pór de relevo o papel que a investigación e divulgación científica pode xogar na difusión do galego.

Comisionada pola área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, coa colaboración da Unidade de Cultura Científica e da Innovación, esta exposición inclúe **15 paneis dedicados a diferentes grupos de investigación**.

A mostra está dirixida a dar a coñecer as **achegas dos grupos de investigación da institución académica** a prol do idioma galego.

Como recolle o seu texto de presentación, "a **ciencia**, en tanto que contribución humana determinante para mellorar as condicións de vida das persoas **constitúe unha fiestra clave para as linguas minoradas**".

Tras o seu paso por esta facultade, esta exposición percorrerá posteriormente outros centros do campus.

Utilizamos cookies para mellorar os nosos servizos. Máis información e desactivación na política de cookies.